
A VISITA DE OSIÑO

Texto de ELSE HOLMELUND MINARIK

Ilustracións de MAURICE SENDAK

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 15 x 23 cm. 64 páx. 12 €.

ALA NOTABLE CHILDREN'S BOOK
CALDECOTT HONOR BOOK
HORN BOOK FANFARE

A visita de Osiño (galego)

ISBN 978-84-8464-874-1. Tras os montes.

La visita de Osito (castelán)

ISBN 978-84-8464-873-4. Libros para soñar.

La visita del petit Ós (catalán)

ISBN 978-84-8464-875-8. Llibres per a somniar.

Hartz Txikiren bisita (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-838-1. Kalandraka-Pamiela.

A visita de Urso Pequeno (portugués)

ISBN 978-989-749-024-8. Livros para sonhar.

Un día Osiño foi visitar a Avoa e a Avó Oso

á súa pequena casa do bosque. Gustáballe moito ir velos.

*A Osiño gustáballe ollar todas as cousas bonitas que tiñan alí:
os cadros, as flores da avoa e o trasno de xoguete do avó...*

“A visita de Osiño” narra o día no que o pequeno protagonista desta serie vai ver a Avoa e Avó Oso, con quen goza moito escoitando as súas historias. O ton coloquial e a espontaneidade dos diálogos, a inocencia e os bos modais por parte de Osiño, xunto coa complicidade dos avós, son aspectos esenciais no texto, que transmite ternura e empatía.

Os contos que Avoa e Avó Oso lle contan a Osiño preséntanse como relatos independentes, que se suman ao capítulo de introdución e ao simpático desenlace da visita. A habilidade narrativa de Else Holmelund Minarik permite facer unha lectura global do libro, no que se plantexan cuestións como a liberdade ou a superación dos medos, ademais de poñer en valor a relación entre avós e netos, o diálogo mutuo e a transmisión de coñecementos e de afectos.

As ilustracións de Maurice Sendak -inspiradas nos antigos gravados- están ambientadas nun contexto decimonónico, con indumentarias e escenarios que reflicten o seu clasicismo. Son imaxes realistas, con personaxes humanizados e suaves tintes de cor que achegan dozura e harmonía.



- **Temática:** a relación de Osiño con seus avós.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador da triloxía “Onde viven os monstros”, “Na cociña de noite” e “Máis alá da fiestra”, entre outros; outros títulos da serie: “Osiño”, “Un bico para Osiño”, “Papá Oso volve á casa”, “A amiga de Osiño”; familia; relación avós-netos.

Else Holmelund Minarik

(Dinamarca, 1920 - Estados Unidos, 2012)

Emigrou aos Estados Unidos coa súa familia cando tiña catro anos. Estudou Psicoloxía e Arte na Universidade de Nova York. Traballou como xornalista e profesora. Autora da serie “Osiño” e doutros libros de Literatura Infantil e Xuvenil.

Maurice Sendak

(Brooklyn, Nueva York, 1928 - Connecticut, 2012)

Dende 1951 realizou máis de 90 libros infantís, unha prestixiosa traxectoria pola que recibiu en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o Goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Estudou Pintura e Debuxo na Art Students League de Nova York. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editorial Harper and Brothers. Impulsou unha auténtica revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros.

